

Prezado profesorado de Bioloxía:

Dende o grupo de traballo de Bioloxía da CiUG queremos informarvos de que, no enlace correspondente á materia de Bioloxía da páxina web da CiUG, podedes atopar información actualizada relacionada coa proba de avaliación de Bioloxía da ABAU do curso 2023-24.

Aínda que algunhas das dúbidas existentes entre o profesorado e o estudiantado non poden ser resoltas de forma definitiva en tanto non se publique o correspondente Real Decreto, no documento elaborado presentamos unha serie de orientacións básicas que esperamos poidan axudar ao profesorado á hora de enfocar a súa docencia.

Utilizando como base os contidos publicados no Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022), elaboráronse unha serie de orientacións específicas, dirixidas principalmente a aqueles aspectos que están desenvolvidos cun menor detalle no Decreto.

Debe terse en conta, en calquera caso, que o obxectivo das orientacións publicadas é, unicamente, facilitar a preparación do exame das ABAU, destacando ou concretando aspectos sobre determinados contidos da materia, pero non pretenden ser unha orientación de cara aos contidos a impartir durante o curso, que están fixados polo mencionado Decreto. Por ese motivo, non existen recomendacións nalgúns apartados específicos, alén das de cingirse aos contidos publicados no Decreto.

Dende o grupo de traballo continuaremos a completar e actualizar toda a información relacionada coa proba a medida que algúns dos aspectos aínda pendentes sexan aclarados, e agradecemos todas as suxestións que recibamos de cara a mellorar a información pública relacionada coa mesma.

Recibide un cordial saúdo e o noso desexo de que sexa un curso exitoso para vos e para o voso estudiantado.

O Grupo de Traballo de Bioloxía